

Lectura minimamente política dun poema de Lorenzo Varela aparentemente moi político

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2007]). “Lectura minimamente política dun poema de Lorenzo Varela aparentemente moi político”. En Xesús Alonso Montero, *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)*. Vigo: Xerais, 199-204. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/486>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2007). “Lectura minimamente política dun poema de Lorenzo Varela aparentemente moi político”. En Xesús Alonso Montero, *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)*. Vigo: Xerais, 199-204.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LECTURA MINIMAMENTE POLÍTICA DUN POEMA DE LORENZO VARELA APARENTEMENTE MOI POLÍTICO¹

Xesús Alonso Montero

Refirome a un dos dez poemas de que consta o libro *Lonxe*, editado en Buenos Aires no ano 1954. Titulado «Compañeiros da miña xeración mortos ou asesiñados», está composto por dezanove versos, estes:

¡Tan doce era a xuntanza miña e vos,
de todos nós co mundo!
Facíamos un feixe de campos e de estrelas,
e, ó pisar ise chao que latexaba,
sentíamos subir pola sangue o misterio.
O noso corpo era o camiño da maxia,
a escada pola que viña a lúa,
o xume de tódolos segredos,
a canzón da herba que resucitou.
E o mesmo verme era unha folla leda,
un mensaxeiro do sagrado alén.

Morréchedes, matáronvos, deixáronme.
Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras.
E gardo, coma un morto,
no centro do silencio, da sede, da agonía,
o día que vos poda levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
¡Tan doce era a xuntanza miña e vos,
de todos nós co mundo!

[200] (Estamos ante un poema que ten sido recitado moitas veces pero que debiera ser rezado, se se me permite a figura etimolóxica).

Convén, para o meu obxectivo, que o lector desta composición, desta oración poética, repare ben no título: «Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesiñados». Un título tan explicativo e tan rotundo parece anunciar un poema de claro contido político, sobre todo para os lectores que teñan algunhas noticias da biografía do autor, un cidadán republicano e comunista que loitou na Guerra Civil española contra a inmundicia moral dos xenerais reaccionarios, contra a barbarie franquista. Por poucas noticias que o lector posúa,

¹ Discurso lido na sesión extraordinaria que a Real Academia Galega celebrou en Monterroso o 17 de maio do 2005, Día das Letras Galegas.

sabe que o autor do poema escribe desde lonxe, desde o exilio, dez, doce ou catorce anos despois da desfeita republicana.

Un poema con este título, escrito por autor destas características e nesas circunstancias, á forza fai pensar a moitos lectores que a composición vai ser ou unha denuncia da represión franquista ou un alegato contra esa represión, moi dolorosa para o noso poeta por terlle arrebatado a algúns dos seus máis entrañables compañeiros. ¿Que se pode agardar un poema que se titula «Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesiñados»? ¿Que se pode agardar se temos en conta que o seu autor, Lorenzo Varela, marxista no exilio, fora un combatente, na Guerra Civil, contra a ignominia franquista? Combatera esa ignominia, na Guerra Civil, coas Armas e coas Letras, e logo, xa no desterro, coa súa brillante espada de escritor antifascista.

Pois ben, composición así titulada, lonxe de ser un poema extremosamente político e militante, é un canto lírico no que o seu autor, Lorenzo Varela, conta e canta a soidade íntima e fonda do seu corazón magoado pola perda de tantos e tantos camaradas de loita e de ideais. Por certo, non os chama camaradas, chámaos compañeiros, termo menos ocasional, palabra que contén a música moral e solidaria dos seres humanos que comparten o pan [201] difícil de cada día ou daqueles que teñen o dereito a comeren o noso pan ó pé do lume, dun lume que é tan noso coma deles. Son, neste caso, compañeiros que loitaron polo pan –e o compango– para todos, moitos dos cales xa desapareceron.

O noso poeta, neste singular epicedio, chora a tódolos seus compañeiros: ós que foron caendo polo camiño («morréchedes») e ós que o ferro irado lles tronzou a vida («matáronvos»). Así se proclama no verso 12:

Morréchedes, matáronvos, deixáronme.

As causas e os causantes de tantas mortes non o alcanzaron a el, tal como se expresa no terceiro verbo deste verso: «deixáronme». Lorenzo Varela deixado quedou á sorte de ter que vivir orfo de tantos compañeiros, mergullado na saudade, en baleiro grave que magoa o seu espírito. O cidadán Lorenzo Varela, erixido en poeta, non deosta ós causantes, ós verdugos de tanta orfandade: límitase a contar e a cantar a súa perda, a saudade que turba o seu corazón.

«Se canta lo que se pierde», dixo don Antonio Machado, aquel espírito nobilísimo, aquel gran poeta. Neste poema, Lorenzo Varela canta a perda dos compañeiros cos que, no seu día, constituíu unha «xuntanza», unha verdadeira irmandade, unha fratria que se vencellaba ó espírito do mundo, do mundo enteiro. Xa é significativo que formule esta especie de sentimento místico –dunha mística civil– nos dous primeiros versos, versos cos que finaliza, significativamente tamén, a composición:

¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!

Así pois, o cidadán Lorenzo Varela, ó lembrar ós compañeiros que foron caendo polo camiño ou que foron abatidos inicua-[202]mente, non fai, *stricto sensu*, un poema político, nin para denunciar o fascismo español nin para execrar as eivas morais de Franco e os seus cómplices e beneficiarios. O poema, por conseguinte, non é, en realidade, unha *execratio* nin tampouco unha *accusatio*. Trátase dunha composición que, contendo, inevitablemente, unha certa dimensión política, foi escrita, polo cidadán Lorenzo Varela, para

expresar a súa orfandade, a fractura que violou aquela «xuntanza doce», aquela fratria cívica. O poeta, elexíaco sempre, canta unha perda, canta unha saudade.

O noso poeta, que non denuncia nin execra nin sequera esixe xustiza, só agarda o día en que poida levar á sepultura dos seus compañeiros

unha cesta de pombas e mazás.

É un verso digno dun corazón limpo e dun alto e orixinal poeta, verso, miñas donas e meus señores, ó que habería que dedicarlle unha sesión filolóxica enteira. Mentres non se faga, adiantemos que as mazás son os froitos nobres e fermosos da terra, dos campos, e as pombas son, ademais da beleza e da paz, as criaturas que voan a rentes das estrelas.

O noso poeta, nos primeiros versos, fala de estrelas, de maxia, de misterio e da esfera sagrada da existencia, dimensións maravillosas do espírito que Lorenzo Varela e os seus compañeiros tiñan na axenda dos seus combates cando, na Guerra Civil, loitaban polo pan para todos e por un pouco de xustiza, para todos tamén. Só isto lle faltaba ó noso texto – a percepción da maxia e do sagrado– para construír o seu autor un poema antolóxico, como antolóxico é o libro *Lonxe* dentro da literatura galega do século XX.

[203]E agora, miñas donas e meus señores, debo manifestar, no remate deste comentario, que, desde hai moitos anos, acompañame este poema. Confeso con orgullo que son un vello compañeiro destes dezanove versos polo que teñen de lección, de rica espiritualidade e de poesía densa e conmovedora. Mellor dito, non son eu o que acompaña ó poema, é el quen me acompaña a min, quen me ofrece sempre o pan –e o compango– da súa compañía. Aló no fondo, o poema e mais eu somos compañeiros, vellos amigos.

Xa aquí, teño que facer referencia a un episodio da miña biografía literaria. Desde antes de 1967, son un leal compañeiro deste maxistral poema, pero foi nese ano, en 1967, cando cometín con el unha deslealdade, que esixe, pola miña parte, unha explicación pública, quizais con intención exculpatoria. Nesta data, o ano 1967, compuxen unha antoloxía da poesía galega contemporánea que titulei *Trinta anos de poesía crítica (1936-1966)*, escolma na que non me atrevín a incluír este extraordinario poema. Supuña eu que os censores do Ministerio de Información, rexido daquela por Manuel Fraga Iribarne, non ían facer a lectura lírica que veño de propoñer. Estaba convencido de que os funcionarios da Censura, condicionados polo título, percibirían o poema como un panfleto antifranquista. Baixo este fundado temor, decidín, nun momento de coraxe e de carraxe, non incorporar o meu entrañable poema á Antoloxía. Cómpre aclarar que a miña violenta decisión foi inútil, pois a publicación da *Escolma*, aínda sen este poema, non foi autorizada polo parnaso inquisitorial do señor Fraga Iribarne. Na Antoloxía prohibida figuraban dous poemas de Lorenzo Varela, «A Roi Xordo» e «Manuel Ponte», ámbolos dous na liña da súa mellor estética civil. ¡Eran tempos aqueles moi menesterosos para a poesía, para certo tipo de poesía!

Cando, dous anos despois, en 1969, publiquei en Lugo *Os cen mellores poemas da lingua galega*, de Lorenzo Varela, decidín [204] escoller un poema non civil, «Os bois», excelso poema que pertence, como «Compañeiros...» ó libro *Lonxe*. O poeta, moi lonxe das terras de Monterroso e dos anos da súa infancia, filosofa sobre os bois, cando, na súa nenez, os contemplaba nas namelas de Fufín, de Lodoso, de Cumbraos e de Leborei. Nesta saudosa evocación é capaz de construír versos dignos das *Xeórxicas* de Virxilio:

¿Saben eles... [os bois]
[...]
¿Que cando se recostan na friaxe do prado,
alansando, semella que respiran
os pulmós palpitantes dos astros?

Desde Buenos Aires, o cidadán exiliado lembra os bois da infancia neste poema que, como tódolos de *Lonxe*, é poesía da saudade, sobre as súas señardades. Poesía da saudade é, tamén, cando, en dezanove versos de ouro e de tristura, convoca ós compañeiros cos que, nun tempo, formaba unha «xuntanza», unha «doce» irmandade civil, rota pola dureza das horas ou pola iniquidade dos vencedores da Guerra de España, eses vencedores que, durante anos e anos, nunca se dedicaron a construíren a paz por dedicárense, só, a administraren a vitoria.

Pero, aínda que tarde, aquí estamos nós, todos nós en xuntanza doce para levar á sepultura do gran Lorenzo Varela

unha cesta de pombas e mazás.